USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



## PSICOLOXÍA e CIENCIAS da EDUCACIÓN

# SEXENIOS 2025

Relación coa institución de investigación mínimo 8 meses por ano natural



Non é necesario aportar achegas de cada un dos anos do tramo

Cando se denega un sexenio pódense utilizar 3 anos do sexenio denegado

Posibilidade de menos achegas en situacións especiais

Pódese solicitar máis dun tramo (non recomendable)

Poderase construír tramo desde o ano seguinte ao grao/licenciatura

1º tramo

2º tramo

| 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | | 2018 | 2019 | | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | | | |

3º tramo.....

| | | |
|---|---|---|
| 1º tramo ✓ | 2º tramo ✓ | Dous sexenios |
| 1º tramo ✓ | 2º tramo NON | Un sexenio e posibilidade de usar 3 anos como máximo do non conseguido para o 3º tramo |
| 1º tramo NON | 2º tramo ✓ | Pérdida de todos os anos do primeiro tramo e un sexenio |
| 1º tramo NON | 2º tramo NON | Ningún sexenio e posibilidade de usar 3 anos do último tramo non conseguido para o 3º tramo |

# Situacións especiais

Permisos paternidade/ maternidade

Excedencias ou permisos para o coidado de familiares

Excedencias ou permisos violencia de xénero/violencia terrorista

Discapacidade

Baixas por longa enfermidade (máis de 6 meses)

## Opcións:

Prorrogar o último sexenio vivo un ano por cada permiso, excedencia ou baixa que tiveran

Como alternativa a prorrogar o sexenio podes presentar catro achegas, en lugar das cinco esixidas

# PREPARA A SOLICITUDE

## 1.Escolle o tramo de 6 anos:

Ano 1 → Ano 2 → Ano 3 → Ano 4 → Ano 5 → Ano 6

Os seis anos de investigación poden ser consecutivos ou non. Un ano é computable cun mínimo de 8 meses de vinculación contractual

## 2.Selecciona as túas 5 mellores achegas:

Escolle 5 achegas ordinarias ou extraordinarias e tamén podes engadir ata 2 substitutorias para este período

## 3.Comproba que estén depositadas nun repositorio institucional:

Todas as achegas presentadas deben estar depositadas nun repositorio de acceso aberto. Sen o depósito non serán avaliadas

## 4.Redacta a narrativa xustificativa:

**Resumo: Non abstract**

**Indicios de relevancia**

Enche os campos “Resumo” e “Índicios de relevancia” para defender o impacto e a orixinalidade de cada achega

Adaptado da Guía  de sexenios 2025 da Universidad Pablo de Olavide

# MINERVA. REPOSITORIO USC






# Política da revista









DULCINEA

Derechos de explotación y permisos para el auto-archivo de revistas científicas españolas

Buscar Sugerir título Gráficos Acerca de BuscaRepositorios Melibea AccesoAbierto.net

inicio / lista (Revista: pedagogia)

Revista Catalana de Pedagogia

ID 1232 Ficha completa

| | |
|---|---|
| Revista: | Revista Catalana de Pedagogia |
| Editorial: | Institut d'Estudis Catalans |
| Organo de expresión de: | Societat Catalana de Pedagogia |
| Titular de los derechos de explotación (copyright): | La Sociedad |
| ISSN electrónico: | 2013-9594 |
| ISSN papel: | 1695-5641 |
| URL: | https://revistes.iec.cat/index.php/RCP |
| Categoría: | Ciencias sociales |
| Acceso: | Gratuito |
| Mención específica de derechos: | Sí |
| Ubicación de la mención de derechos: | Enlace específico |
| URL copyright: | https://revistes.iec.cat/index.php/RCP/about/submissions#copyrightNotice |
| Tipo de licencia: | Creative Commons By NC ND 3.0 España |
| URL Instrucciones autores: | http://revistes.iec.cat/revistes224/index.php/RCP/about/submissions#authorGuidelines |
| ¿Permite el auto-archivo?: | Sí |
| Versión auto-archivo: | Post-print (versión editorial) |
| ¿Cuándo?: | Inmediatamente después de la publicación |
| ¿Dónde?: | Repositorio temático |
| Color ROMEO: | Azul |
| Indizada en: | CARHUS Plus+ 2018, DIALNET (Universidad de la Rioja), Directory of Open Access Journals, MIAR |
| Incluida en: | |

logo UB logo CSIC

*Dulcinea, BuscaRepositorios y Melibea son productos del grupo de investigación "Acceso abierto a la ciencia". CSO2014-52830-P.*

# BAREMO

6/10

**2.Puntos polo impacto científico:**

Citas (contextualizadas e cualitativas)
Uso do traballo de investigación
Calidade do medio...




3.Impacto Social (1 punto)

4.Contribución á ciencia aberta (1 punto)

1. Contribución ao Progreso do Coñecemento (1 punto)

5.Achega preferente: Libro, capítulo de libro, artigo (1 punto)

Adaptado da Guía de sexenios 2025 da Universidad Pablo de Olavide

# Portal da Investigación

USC **Portal da Investigación** IDENTIFÍCATE

**Grupos** **Investigadores/as** **Resultados**

## Portal da
# Investigación

### Investigar na USC

A USC sitúase nun lugar destacado na clasificación de produtividade da investigación das universidades españolas e europeas e ten unha posición relevante na valoración doutros indicadores como a captación de fondos para proxectos de I+D e de axudas FPI ou FPU, o número de artigos indexados no JCR ou as teses de doutoramento lidas.

A USC conta así mesmo cunha ampla rede de infraestruturas de apoio á investigación con persoal altamente cualificado que dá soporte científico-tecnolóxico a investigadores/as, grupos, centros e departamentos.

Buscar a produción científica



| 1.910 | 290 | 8.024 | 116.658 | 9.908 | 45.287 |
|---|---|---|---|---|---|
| Investigadores/as | Grupos | Proxectos | Publicacións | Teses | Acceso aberto |

# Portal da Investigación

DOI:10.1017/S0033291720003748 | SCOPUS:2-s2.0-85135497921 | GOOGLE SCHOLAR | UNPAYWALL

Outras publicacións en: Psychological Medicine

## Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable




Ocultar indicadores

## Indicadores

### Citas recibidas

| Fonte | Nºcitas | Actualizacion |
|---|---|---|
| Scopus | 17 | 17-12-2024 |
| Web of Science | 17 | 20-11-2024 |
| Dimensions (totales) | 19 | 13-11-2024 |
| Dimensions (recente < 2 anos) | 14 | 13-11-2024 |
| OpenCitations | 12 | |

### Impacto de cita normalizado

**Dimensions**
(Datos actualizados na data de 13-11-2024)
Relative Citation Ratio (RCR): 3.05
Field Citation Ratio (FCR): 4.28

### Impacto dos medios

**Journal Impact Factor - JIF (JCR)**
Ano 2022
Factor de impacto da revista: 6.9
Factor de impacto sen autocitas: 6.6
Cuartil maior: Q1
Área: PSYCHIATRY Cuartil: **Q1** Posición na área: **21/144** (Edición: SSCI)
Área: PSYCHOLOGY, CLINICAL Cuartil: **Q1** Posición na área: **10/131** (Edición: SSCI)
Área: PSYCHOLOGY Cuartil: **Q1** Posición na área: **9/81** (Edición: SCIE)
Área: PSYCHIATRY Cuartil: **Q1** Posición na área: **27/155** (Edición: SCIE)

**Journal Citation Indicator - JCI (JCR)**
Ano 2022
JCI da revista: 2.08
Cuartil maior: Q1
Área: PSYCHIATRY Cuartil: **Q1** Posición na área: **14/264**
Área: PSYCHOLOGY, CLINICAL Cuartil: **Q1** Posición na área: **4/180**
Área: PSYCHOLOGY Cuartil: **Q1** Posición na área: **6/92**

**Article influence score (JCR)**
Ano 2022
Article influence score: 2.616

**SCImago Journal Rank**
Ano 2022
Impacto SJR da revista: 2.465
Cuartil maior: Q1
Área: Psychiatry and Mental Health Cuartil: **Q1** Posición na área: **24/590**
Área: Applied Psychology Cuartil: **Q1** Posición na área: **16/259**

**Scopus CiteScore**
Ano 2022
CiteScore da revista: 13.6
Área: Psychiatry and Mental Health Percentil: **96**
Área: Applied Psychology Percentil: **95**

**CIRC**
Ciencias Sociais: A+

# Informe de indicios de visibilidade e impacto






A defensa narrativa das achegas deberá realizarse seguindo a orde do informe do portal, que é a indicada por ANECA:

**1**
Progreso do coñecemento na área

**2**
Impacto científico
- Calidade do medio publicación
- Uso da achega
- Impacto científico do medio de difusión
- Citas

**3**
Impacto social

**4**
Contribución á Ciencia aberta

9

# SOLICITUDE

**Funcionario: 9 ao 30 de xaneiro**
**Laboral: 9 de febreiro ao 2 de marzo**
**Autorización previa da Universidade**

Impreso de solicitude asinado → FORMULARIO WEB

Curriculum vitae abreviado coas 5 achegas → FORMULARIO DATOS IDENTIFICATIVOS DAS 5 ACHEGAS (DOI, Handle...) E AS NARRATIVAS COAS SÚAS DEFENSAS

Curriculum vitae completo → SÓ DE INVESTIGACIÓN dos anos de avaliación (recomendación modelo FECYT)

Folla de servizos orixinal e actualizada → INCLUÍR O PERÍODO QUE SE SOLICITA PARA AVALIACIÓN E O RÉXIME DE DEDICACIÓN NESE TEMPO. (Data posterior ao 19/12/2025)


Resumo da achega
Non abstract
Coautoría, Taxonomía Credit
Traballo de investigación
De onde ven a publicación: dunha tese, estancia, proxecto I+D, doutras publicacións da liña de investigación
Ética, ODS

## CONTRIBUCIÓN AO PROGRESO DO COÑECEMENTO NA ÁREA

### 01. GRAO DE ORIXINALIDADE

XUSTIFICAR NA NARRATIVA:
INTERESE E ORIXINALIDADE DO TEMA ABORDADO, INNOVACIÓN E CREATIVIDADE DA SOLUCIÓN PROPOSTA

DEBE INCLUÍR NA NARRATIVA:
PROBLEMAS ESTUDIADOS, RELEVANCIA, DEBATE CIENTÍFICO

### 02. PRIORIDADE TEMÁTICA

XUSTIFICAR NA NARRATIVA:
RETO DE INVESTIGACIÓN AFRONTADO NA ACHEGA

PODERÁ INCLUÍR NA NARRATIVA:
EXISTENCIA DE LÍNEAS DE FINANCIACIÓN PÚBLICA,
TEMÁTICA ABORDADA,
ODS,
TEMA ESTRATÉXICO PARA UN TERRITORIO/SECTOR ESPECÍFICO

### 03. APORTACIÓN METODOLÓXICA

XUSTIFICAR NA NARRATIVA:

DESENVOLVEMENTO DE NOVOS ENFOQUES METODOLÓXICOS, NOVOS MÉTODOS/PROCESOS OU AVALIAR OU MELLORAR OS EXISTENTES

**10%**

# AUTORÍA



De acordo coa convocatoria de Sexenios 2025, para que unha achega sexa considerada, a persoa solicitante deberá ter participado activamente nos traballos que lle deron orixe, concretando a súa participación específica nos mesmos nos casos de coautoría ou autoría múltiple.



No caso das publicacións esta información terá que indicarse de acordo coa taxonomía CRediT (Contributor Roles Taxonomy, https://credit.niso.org), ou ben, se a publicación non require esta información ou se presenta outro tipo de achega, terá que incluírse na narrativa da solicitude tomando como referencia preferentemente esta taxonomía.




Do mesmo xeito, no seu caso, terá que declararse o uso de Intelixencia Artificial xerativa, sempre que afecte ao contido orixinal da achega.

# Taxonomía CRediT

CRT Contributor Roles Taxonomy

- Conceptualización
- Curación de datos
- Análise formal
- Adquisición de fondos
- Investigación
- Metodoloxía
- Administración do proxecto
- Recursos
- Software
- Supervisión
- Validación
- Visualización
- Redacción - borrador orixinal
- Redacción - revisión e edición

### 01. USO DA ACHEGA

LECTURAS, VISUALIZACIÓNS, DESCARGAS EN PLATAFORMAS ACADÉMICAS (REPOSITORIO, EDITORIAL...)

### 02. CITAS RECIBIDAS POLA ACHEGA

CITAS RECIBIDAS SEN AUTOCITAS DO SOLICITANTE (número)
Autores/revistas/institucións relevantes que citan a publicación, indicadores normalizados (FWCI, percentís...)

## IMPACTO CIENTÍFICO

### 03. CALIDADE DO MEDIO DE PUBLICACIÓN

CALIDADE E RECOÑECEMENTO DO MEDIO NO QUE SE PUBLICOU/DIFUNDIU A ACHEGA (Selos de calidade, cumprir con estándares, internacionalización dos comités de selección...)

### 04. IMPACTO CIENTÍFICO DO MEDIO DE DIFUSIÓN

IMPACTO CIENTÍFICO DO MEDIO DE DIFUSIÓN NO ANO DA ACHEGA

# 60%

# Contextualizar o número de citas

## Citas recibidas no primeiro ano

Informan sobre o grao de interese inmediato pola achega

## Citas recentes

A temática da achega segue sendo de interese na actualidade




## Quen cita

Autores/revistas/institucións relevantes que citan a publicación

## Que se cita

Coñecer que partes da achega se citan

# Indicadores normalizados (contextualizados) de citas e percentís



# Contextualización de citas

## ÚSAO SE >1

**FWCI CNCI FCR**

**(Scopus/WoS/Dimensions)**

1.00: normalización

>1.00: máis citado do esperado (1.20=20% máis citado do esperado)

<1.00: menos citado do esperado (0.80=20% menos citado do esperado)

## ÚSAO SE >50

**Percentil citas**

**(Scopus/WoS/Dialnet)**

Canto máis percentil máis citas recibiu con respecto a outros documentos indexados no mesmo ano de publicación, normalizadas por área temática. Percentil: 90%, está no 10% máis citado.

# Métricas de uso e lectura

MINERVA
REPOSITORIO INSTITUCIONAL

✓ **Dimensión**

Número de visualizacións, descargas e visitas.

✓ **Narrativa**

Número de países e cidades diferentes desde onde se usou unha achega.

# Estatísticas



## Visitas totais

| | views |
|---|---|
| 100 años de la Biblioteca América de la Universidad de Santiago | 330 |

## Visitas totais por mes

| | views |
|---|---|
| xullo 2024 | 8 |
| agosto 2024 | 12 |
| setembro 2024 | 15 |
| outubro 2024 | 2 |
| novembro 2024 | 0 |
| decembro 2024 | 1 |
| xaneiro 2025 | 0 |

## Visitas de arquivo

| | views |
|---|---|
| d960760d-dfe0-4316-a8f3-e881c6889662 | 248 |

**No repositorio institucional podes visualizar as estatísticas de visitas e descargas da publicación ao longo do tempo, enriquecidas con información xeográfica**

## Vistas principais por país

| | views |
|---|---|
| Os Estados Unidos | 39 |
| España | 16 |
| Irlanda | 12 |
| A China | 11 |
| Singapur | 11 |
| Rusia | 9 |
| Nixeria | 3 |
| Colombia | 2 |
| O Reino Unido | 1 |
| Indonesia | 1 |

## Vistas principais por cidade

| | views |
|---|---|
| West Jordan | 14 |
| Dublin | 12 |
| Ashburn | 8 |
| Santiago de Compostela | 8 |
| Singapore | 7 |

# RECOLECTA

O recolector de ciencia aberta é o agregador nacional de repositorios de acceso aberto. Nesta plataforma agrúpanse todas as infraestruturas dixitais españolas nas que se publican ou depositan resultados de investigación en acceso aberto.

Garante que os repositorios científicos dixitais de acceso aberto sexan interoperables segundo os estándares da comunidade mundial

Promove, apoia e facilita a adopción do acceso aberto a toda a comunidade investigadora no  noso país

Dota dunha maior visibilidade, tanto nacional como internacional, os resultados da investigación que se desenvolven en España

**IRD- COAR:** Directorio internacional de repositorios

# CATÁLOGOS

A indización das achegas en diferentes catálogos indica a presenza destas achegas en bibliotecas e centros de investigación, o que manifesta a súa repercusión e existencia noutros repertorios bibliográficos.






# IMPACTO SOCIAL MENCIÓNS NON ACADÉMICAS

## MENCIÓNS DOCUMENTOS AXENTES SOCIAIS NON ACADÉMICOS

DOCUMENTOS NORMATIVOS, INFORMES DE POLÍTICAS PÚBLICAS, INFORMES PROFESIONAIS, GUÍAS CLÍNICAS, PATENTES, OBRAS DE REFERENCIA OU CONSULTA....

## DIFUSIÓN EN ÁMBITOS NON ACADÉMICOS

MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS, EXPOSICIÓNS, NOTICIAS DESTACADAS, SITIOS WEB, BLOGS PROFESIONAIS, PLATAFORMAS SOCIAIS...

## OUTROS INDICIOS QUE DEBEN DESTACARSE

ACHEGA A POLÍTICAS PÚBLICAS, SOLUCIÓNS A PROBLEMAS SOCIAIS, COLABORACIÓN CON ENTIDADES E ORGANISMOS SOCIAIS NO PROCESO DA INVESTIGACIÓN, EXPLOTACIÓN DE PATENTES...

**10%**

# CONTRIBUCIÓN Á CIENCIA ABERTA

## 01. GRAO DE APERTURA

INTEGRAMENTE EN ABERTO, VERSIÓN FINAL OU INICIAIS (PREPRINT E POSTPRINT)

REVISTAS DIAMANTE

LICENCIAS COPYLEFT (CREATIVE COMMONS...)

## 02. CONXUNTO DE DATOS

ACHEGA CON DATASET E QUE ESTEA EN ABERTO E CUMPRA OS CRITERIOS FAIR

USO, DESCARGAS, VISUALIZACIÓNS DO DATASET

## 03. SOFTWARE

ACHEGA CON SOFTWARE, QUE CONTRIBÚA AO SOFTWARE LIBRE

USO, DESCARGAS, VISUALIZACIÓNS DO SOFTWARE

**10%**

# Indicadores de acceso aberto

## Repositorios

Valorarase a difusión das achegas en acceso aberto e sen restricións, tanto a versión final como as preliminares (preprint/postprint)




## Licenzas CC

Son unha ferramenta legal que sinala os usos permitidos dunha obra, mantendo as persoas autoras os seus dereitos de autoría

## Revistas diamante

Publican os seus artigos en acceso aberto, con licenzas de uso abertas e non cobran taxas de lectura nin de publicación

## Revisión por pares aberta

As plataformas de revisión por pares aberta permiten obter unha revisión por pares comunitaria: o persoal investigador sube os seus manuscritos científicos e recibe comentarios por parte da comunidade especializada desa plataforma

# Open Research Europe

## Publicación

Os artigos publícanse rapidamente e sométense a revisión por pares por parte de expertos designados. Os artigos que pasan a revisión por pares indéxanse en PubMed, Scopus, Inspec, Google Scholar...

## Licenzas

Os artigos están publicados baixo unha licenza CC BY, que permite un uso non restritivo, distribución e reprodución en calquera medio, citando sempre o traballo orixinal

## Que é ORE?

É unha plataforma de publicación de acceso aberto para investigadores/as de todas as disciplinas, financiada pola Comisión Europea, sen custos para as persoas autoras

## Factor de impacto

Cada artigo publicado en ORE inclúe un apartado de métricas a nivel de artigo. Inclúe algúns indicadores tradicionais como o número de citas, con outros máis cualitativos como o número de visualizacións, descargas, redes sociais...

# Datos de investigación en aberto

A convocatoria de sexenios do 2025 permite presentar como **achega extraordinaria** conxuntos de datos de investigación. No caso de que a achega sexa doutro tipo -artigo, libro, capítulo de libro...-, valórase o feito de que se compartan en aberto os datos que serviron de base para o estudo.

### Considéranse datos de investigación

Cadernos de laboratorio, cadernos de campo, datos de investigación primaria, cuestionarios, cintas de audio, vídeos, fotografías, películas, obxectos dixitais, algoritmos, scripts, bases de datos, metadatos e esquemas de metadatos, configuracións de software...




### Principios FAIR

- Fáciles de atopar (Findable)
- Accesibles (Accesible)
- Interoperables (Interoperable)
- Reutilizables (Reusable)

### Ferramentas de verificación de Principios FAIR

- F-UJI
- FAIR-Aware
- FAIR-Checker

# Posibles circunstancias redutoras da cualificación

## Reiteración de publicacións

Reiteración: 3 ou máis achegas corresponden ao mesmo medio de publicación

Se non se xustifica, a partir de 3 **EXCLUSIÓN DAS ACHEGAS**

## Conflito de interese editorial

Relación directa entre os/as autores/as da achega e os comités editoriais de coleccións de monografías ou revistas que poida comprometer a obxectividade do proceso editorial ou a calidade da avaliación

Se non se xustifica, **AS ACHEGAS AFECTADAS SERÁN EXCLUÍDAS** na avaliación

## Malas prácticas de publicación

PODERÁN reducir a puntuación (duplicación de contidos, tradución de obra propia, PLAXIO, alteración de datos, artigos retractados...)

**AS ACHEGAS SERÁN EXCLUÍDAS DA AVALIACIÓN**

## Procesos de revisión non contratables

Publicación en medios con procesos de revisión de pares cuestionables, non contratables ou deficientes PODERÁN reducir a puntuación

Poderase **reducir dun 25% a un 100%** en cada achega afectada

## Autoría insuficientemente xustificada

Autoría/coautoría/ autoría múltiple que non estea suficientemente xustificada

Poderase **reducir un 15%** en cada achega afectada

# ARTIGO

GWAS and meta-analysis identifies 49 genetic variants underlying critical COVID-19

10.1038/s41586-023-06034-3

Nature

2023



# Exemplos de narrativa

GUÍA DE AYUDA PARA LA RELACIÓN DE INDICADORES Y SU NARRATIVA

Grupo de Trabajo de Evaluación e Informes Dialnet-CRIS

El **impacto normalizado** pone en relación las citas de un documento con las citas esperadas según el campo, el tipo de documento y el año de publicación en ese recurso. (FCR, FWCI, CNCI). Se ha normalizado la media en 1, un valor superior a 1 significa que está por encima de la media.

El **percentil** nos indica la posición de la publicación (del 1 al 100) en función de las citas recibidas en un recurso, comparándose con la media de artículos similares del mismo recurso. Cuanto mayor sea el percentil, mejor posicionado estará el documento.

EJEMPLO DE NARRATIVA:

Se han localizado 32 citas (1 autocita) al artículo desde la base de datos Scopus, situándose en el percentil 76 es decir, se encuentra dentro del 24 % de artículos más citados, comparando con la media de artículos similares. Además, tiene un impacto normalizado FWCI (Field-Weighted Citation Impact) de 1,15 lo que le sitúa por encima de la citación media mundial que vendría representada por el valor 1,00.

El 32,3% de sus citas se han recibido en 2024, lo que implica que actualmente la publicación sigue despertando el interés de la

| Indicador | Narrativa |
| --- | --- |
| **Total de citas (con e sen autocitas)**<br>**Evidencia**<br>**Impacto científico** | A contribución foi amplamente recoñecida na comunidade científica, como demostra o seu impacto na Web of Science Core Collection cun total de 40 citas, destacando a ausencia de autocitas significativas. Entre as institucións europeas e españolas que citaron esta obra atópanse a Universidade de Stanford, con 9 citas; a Universidade de Milán, con 6; e a Universidade de Barcelona, con 5 citas. A investigación tamén captou a atención de organizacións como o Instituto Karolinska (4 citas) e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), con 3 citas |
| **Percentil**<br>**Evidencia**<br>**Impacto científico** | Este artigo sobre aprendizaxe profunda e a súa aplicación no recoñecemento de patróns complexos, publicado no "Journal of Artificial Intelligence Research", ata a data acumulou 150 citas. Acadou un elevado percentil (97) en Scopus na categoría de "Artificial Intelligence", o que significa que se atopa por riba do 97% de publicacións en citas ou, o que é o mesmo, no 3% das publicacións máis citadas da súa área no ano da súa publicación, destacando o seu impacto nun campo tan competitivo. O más notable é o reducido valor de autocitas, só o 5% das citas, o que subliña a calidade e a relevancia independente da investigación. |

| Indicador | Narrativa |
| --- | --- |
| **Recensións**<br>**Evidencia**<br>**Impacto científico** | A monografía ten tres recensións críticas recompiladas en Dialnet. Estas recensións foron realizadas por expertos en historia europea: Alberto Ruiz, da Universidade de Heidelberg; María López, da Universidade de La Sorbona; e Giuseppe Conti, da Universidade de Roma. As tres recensións atópanse nos repositorios institucionais das distintas universidades ás que pertencen os autores, en acceso aberto e cunha licenza Creative Commons das menos restritivas. |
| **Journal Impact Factor (JIF)**<br>**Evidencia**<br>**Relevancia do medio** | O artigo publicado en "Scientometrics" está indexado no Journal Citation Reports, tanto en Information Science & Library Science (ISLS) no SSCI como en Computer Science, Interdisciplinary Applications no SCIE. O JIF da revista no ano de publicación (2022), segundo o Journal Citation Reports, foi de 4,5. |

| | |
|---|---|
| **Lectores en Mendeley**<br>**Evidencia**<br>**Uso e visibilidade** | Tal e como aparece recollido en Mendeley, o estudo foi agregado ás bibliotecas persoais de 250 usuarios, cunha análise detallada revelando que aproximadamente o 40% destes/as lectores/as son dos Estados Unidos, seguido por un 20% do Reino Unido. A metade dos/as lectores/as son estudantado (grao, máster e doutoramento), co que se fai énfase na súa importancia en contextos educativos. Estes datos non só reflicten o amplo interese e a relevancia do estudo, tamén demostran o seu impacto interdisciplinario e súa capacidade para atraer a unha audiencia diversa de persoas investigadoras e profesionais en varios campos relacionados coa saúde. |
| **Descargas**<br>**Evidencia**<br>**Uso e visibilidade** | O artigo, en só un mes desde a súa publicación, rexistrou 3223 visitas e 1503 descargas en formato PDF, o que indica que case a metade das persoas visitantes descargaron o artigo completo, reflectindo un gran interese polo seu contido. A accesibilidade do artigo, facilitada polo acceso aberto (Gold) de PLOS ONE, contribuíu a esta ampla difusión. |

| | |
|---|---|
| **Presencia en bibliotecas**<br>**Evidencia**<br>**Uso e visibilidade** | Esta monografía está dispoñible en 47 bibliotecas nacionais e internacionais, segundo datos de WorldCat e do catálogo colectivo REBIUN. Delas, 30 son bibliotecas universitarias en España. A nivel internacional, está presente en 7 bibliotecas francesas, incluíndo a Bibliothèque Interuniversitaire da Sorbonne (BIS) e a Bibliothèque Universitaire de Strasbourg; e en tres bibliotecas do Reino Unido, como a Bodleian Library da Universidade de Oxford e a British Library. |
| **Mencións en redes sociais**<br>**Evidencia**<br>**Atención social** | O estudo sobre terapias innovadoras para enfermidades cardiovasculares, publicado no "Journal of Clinical Medicine", xerou unha ampla discusión nas redes sociais, alcanzando 190 mencións en X e 78 en Facebook. |
| **Mencións en noticias**<br>**Evidencia**<br>**Atención social** | Este estudo sobre terapias innovadoras para enfermidades cardiovasculares acaparou a atención de medios de comunicación. Segundo datos de Altmetric.com recibiu un total de 30 mencións en 23 medios de comunicación diferentes. Das 30 mencións recibidas, o 75% dos medios de comunicación son de carácter internacional. |

## Fontes consultadas:

Aneca. (s.d.). Sexenios. Recuperado o 13 de xaneiro de 2026 de https://www.aneca.es/convocatoria-sexenios-2025

Biblioteca/CRAI de la Universidad Pablo de Olavide. (s.d.). Sexenios: cómo afrontar la convocatoria. Recuperado o 13 de xaneiro de 2026 de https://guiasbib.upo.es/convocatoria_sexenios

Torres-Salinas, D., Orduña-Malea, E., Delgado-Vázquez, A., & Arroyo-Machado, W. (2024). Fundamentos de Bibliometría Narrativa (v.1). Zenodo. https://doi.org/10.5281/zenodo.10512837

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

# Grazas pola vosa atención

## Para calquera dúbida contactade con nós en biblioteca.psicoloxia.educacion.servizos@usc.gal